

O cobro 0,5% non é unha conquista: é unha tomadura de pelo

1 de Xullo 2025

O arranxo de despropósitos nunca pode ser vendido coma un éxito: a estafa salarial aos empregados públicos

Un pacto de perdas

O cobro do 0,5% aprobado hoxe polo Consello de Ministro (xullo de 2025) con efectos de xaneiro de 2024, e que o Goberno e os sindicatos estatais CCOO e UGT pretenden vendernos como “un éxito”, é unha medida que non fai máis que confirmar a nosa perda de poder adquisitivo e o seu papel cómplice dos sindicatos asinantes. Este 0,5% ven derivado do “Acordo marco para unha Administración do século XXI” asinado por CCOO e UGT, é en realidade, un **pacto de perdas** con salarios que non soben ao ritmo do custo da vida.

A realidade é crúa:

- Esta suba do 0,5% chega **18 meses tarde**, despois de que a inflación consumise o noso salario real.
- Mentres os prezos soben ano tras ano, os nosos solalarios soben moi por debaixo do IPC.
- Desde 2010, acumulamos unha perda de máis do **25% de poder adquisitivo**, segundo os propios datos do sector público.

Desde a CIG, esiximos:

- Un novo acordo retributivo.
- Subas salariais **reais e retroactivas**, como mínimo do 5% anual.
- Cláusulas de revisión salarial vinculadas ao **IPC real**, e a recuperación íntegra das pagas extraordinarias.

Pactan perdas e logo celébranas

UGT e CCOO son cómplices directos desta situación. Asinan acordos que consolidan as perdas e logo pretenden apuntarse medallas cando, despois de ano e medio, se aplica unha suba mínima e tardía.

▼ Desde a CIG, dicímolos claro:

- **Non hai nada que celebrar** cando a maioría do persoal público perdeu máis dun cuarto do seu salario real nos últimos 15 anos.
- O que precisamos non son maquillaxes, senón unha **recuperación real do poder adquisitivo**, con subas salariais ligadas ao IPC e retroactivas.
- Queremos **xustiza salarial**, non anuncios propagandísticos con cheiro a electoralismo.

Porque o que nos roubaron non se recupera cun 0,5%.!!!!